

LECTURA

A LENDA DO EUME

Conta **a lenda do Eume** que, cando Deus creou os ríos, mandou nacer xuntas na Serra o Xistral a tres fontes; e prometeulle á primeira en chegar ao mar unha recompensa cada ano.

Naceron tres fontes xuntas e empezaron xuntas o seu percorrido cara ao mar co pacto de non chegar unha antes que as outras. Estas fontes eran as orixes dos ríos Eume, Masma e Landro.

Deus otorgoulles categorías divinas bautizándoos con resonancias gregas; Eume o da vertente atlántica, que debía fertilizar a terra das Pontes; Landro o da vertente norte, que tería que fecundar as carballeiras e facerlles producir landras; Masma o da ladeira norte, que crearía coa súa chegada ao mar as marismas.

As tres fontes cansaron polo camiño e acordaron parar a durmir, e que a primeira que espertase sería a que avisaría ás outras dúas.

A primeira espertou e continuou o camiño sen facer ruído para que non se desen conta as demais.

A segunda espertou e, vendo o sucedido, fixo o mesmo que a primeira.

Cando espertou o Eume viu que as outras fontes o enganaran e, enfurecido, marchou cara ao mar saltando por encima de todos os obstáculos que atopou no camiño.

Tivo que cruzar vales e montañas e, para gañar tempo, acelerou a súa marcha por Capela e Caaveiro... e logrou chegar primeiro. Por iso saíu bravo e agreste...

... e reclama todos os anos de nos, os e as piragüistas, respecto e valentía para gozar da Baixada.